



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: II Curso Superior de Inspección Ambiental de Galicia

CONVOCATORIA: II Curso superior de inspección ambiental de Galicia

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	50
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2018
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	SUPERIOR	EDICIÓN:	1

DATA MATRÍCULA: Do 03/03/2018 - 08:00h ao 12/03/2018 - 23:55h

RESPONSABLE: OLIVIA TRILLO, PAULA [paula.olivete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O II Curso superior de inspección ambiental aborda, dende unha perspectiva práctica, as modificacións normativas que tiveron lugar desde a realización do I Curso no ano 2014, no ámbito da inspección ambiental así como no do traslado de residuos transfronteirizos.

Poden destacarse, así, como principais obxectivos do curso os seguintes:

- Actualizar coñecementos en relación coa normativa e os procedementos de inspección ambiental, de maneira específica nas actividades de prevención e control integrado da contaminación (IPPC) no campo industrial e no traslado de residuos transfronteirizos.
- Dotar dos coñecementos e das habilidades necesarias ao persoal que realiza funcións de inspección ambiental e outro persoal técnico no campo do medio ambiente industrial para exercer as súas funcións adaptándose ás novas exigencias e cambios dos últimos anos.

DESTINATARIOS

O curso diríxese ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, do subgrupo A1 da Administración pública autonómica de Galicia, que realice funcións de inspección ambiental, e persoal técnico superior da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio relacionado coa inspección ambiental.

No caso de non cubrirse a totalidade das prazas convocadas, as vacantes que resulten poderán cubrirse por persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, do grupo A1 da Administración pública autonómica de Galicia, que estea en posesión da titulación universitaria en química, bioloxía, enxeñaría ou veterinaria e realice funcións relacionadas coa inspección.

PROGRAMA

Os contidos deste curso están estruturados nos seguintes temas:

- Tema 1. Normativa ambiental. Directivas europeas. Normativa española e normativa de Galicia. Principais novidades en materia de residuos e de avaliacións ambientais.
- Tema 2. Plan de Inspección Ambiental de Galicia. Programas de inspección ambiental. Subprogramas ambientais. Manual de Inspección Ambiental de Galicia. Colaboración e cooperación con outros organismos e entidades.
- Tema 3. Guías técnicas e procedementos de actuación nas inspeccións ambientais. Check List. Protocolos de Inspección Ambiental. Índices de risco ambiental. Aplicacións prácticas.
- Tema 4. Actividades non IPPC. Tipoloxía de inspeccións ambientais. Metodoloxía a seguir nestas inspeccións

ambientais. Casos prácticos.

Tema 5. Actividades IPPC. Tipoloxía de actividades IPPC. Metodoloxía a seguir nestas inspeccións ambientais. Casos prácticos.

Tema 6. Desviacións ambientais de inspeccións ambientais en actividades IPPC. Grao de cumprimento das autorizacións ambientais integradas. MTD's asociados aos valores límites de emisión. Casos prácticos. Experiencia dos últimos anos.

Tema 7. Inspeccións ambientais en vertedoiros. Check List específico de vertedoiros. Guía de inspección en vertedoiros. Casos prácticos.

Tema 8. Incidencia e urxencias ambientais. Inspección ambiental nos plans de emerxencia exterior (grupo de medio ambiental) e no Plan CAMGAL. Casos prácticos.

Tema 9. Inspeccións ambientais no traslado de residuos transfronteirizos. Diferente tipoloxía e procedementos. Subprogramas específicos. Casos prácticos.

Tema 10. Aplicacións informáticas de inspección ambiental. Toma de mostras. Soporte documental administrativo na inspección ambiental. Redes de inspección ambiental.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data de presentación das solicitudes, de acordo co establecido no punto 4 da convocatoria (persoas destinatarias).

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

As persoas solicitantes deberán acreditar por correo electrónico dirixido a novas.egap@xunta.gal, o cumprimento dos requisitos establecidos no punto 4 (titulación e funcións).

Así e todo, a EGAP resérvase a facultade de solicitar documentación complementaria en caso necesario.

Serán excluídas aquelas solicitudes que non acheguen a devandita acreditación e titulación con anterioridade ao último día habilitado para a inscrición, isto é, 12 de marzo de 2018.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: SANTIAGO

INICIO / FIN: 21/03/2018 a 20/06/2018

NUM. PRAZAS: 40

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

ADANTIA SL

JOSE FRANCISCO ALONSO PICON

FRANCISCO JAVIER COPA RODRIGUEZ

Manuel Angel Rodríguez Rodríguez

LUGAR DE REALIZACIÓN

AULA 2: O día 21 de marzo de 09:00 a 14:00. O día 04 de abril de 09:00 a 14:00. Os días 16 e 23 de maio de 09:00 a 14:00. Os días 06, 13 e 20 de xuño de 09:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 7: O día 25 de abril de 09:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 12: O día 11 de abril de 09:00 a 14:00. O día 09 de maio de 09:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA